



Procedemento de inclusión de actividades dentro da Aula Profesional E.T.S.E.

Os Profesores que desexen que se inclúa algunha actividade concreta dentro da Aula Profesional deberán seguir o seguinte procedemento.

1.- Enviar a proposta no modelo que se achega, por correo-e, aos coordinadores das titulacións: Juan M. Garrido Fernández (etse.eq@usc.es) para a titulación de Enxeñaría Química, Antonio Mosquera González (etse.etis@usc.es) para a titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas.

2.- No caso de solicitar financiamento por parte da Escola, deberase achegar unha proposta detallada de orzamento.

3.- Os coordinadores comunicarán ó proponentes, no prazo máis breve posible, a adecuación da actividade á Aula Profesional ETSE. A aprobación da actividade levará asociada tamén a aprobación do orzamento e da reserva de medios precisos.

4.- Na publicidade (carteis, folletos, trípticos, etc.) indicarse o prazo de solicitude, o lugar de entrega de solicitudes (normalmente a Conserxería da ETSE), figurará o logo da “Aula Profesional” e incluírase o texto seguinte:

“Actividade recoñecida dentro da Aula Profesional ETSE(*) para estudantes de XX con ZZ horas”

(*) Actividade 2008/01, RR de 10 de xaneiro de 2008.

5.- O método habitual de selección de alumnos será a orde de inscrición. Algunhas actividades poderán incorporar outros criterios de prevalenza en función do interese particular da actividade para algún curso ou titulacións da ETSE.

6.- Os alumnos interesados presentarán a súa solicitude directamente na folla web da ETSE. Mentres esta opción non estea habilitada entregarse a solicitude en Conserxería, utilizando os formularios ordinarios de instancias.

7.- O método básico de seguimento da actividade será o control de asistencia.

8.- Por parte de Secretaría da Escola proporcionarase ó Profesor a listaxe de alumnos admitidos que deberá utilizarse para o control de asistencia ó curso.

9.- Unha vez finalizada a actividade, remitiranse os partes de control á Secretaría da Escola. En caso que o sistema de avaliación tivera en conta outros criterios, o Profesor proporcionará, asemade, a cualificación individualizada de cada alumno.

10.- Se a actividade formara parte da cualificación dunha materia non se validarán como créditos de libre configuración aos alumnos matriculados nesa materia. Polo tanto no listado de asistentes so se indicarán os non matriculados na materia.

11.- Ao finalizar o curso académico, dende a Secretaría da Escola se emitirán os diplomas de participación nas actividades da Aula Profesional a aqueles alumnos que o soliciten nos prazos que establezan ao efecto.

12.- Tamén ao finalizar o curso académico remitirase á Unidade de Xestión Académica unha acta cos nomes dos alumnos que teñan completados os créditos, co fin de que poidan solicitar o seu recoñecementos como créditos de libre configuración



Proposta de Actividade dentro da
Aula Profesional E.T.S.E.

Título			
Nº Horas		Datas e horario	
Titulacións			
Organizador (indicar tamén correo-e)			
Criterios de selección			
Custe estimado (Achegar orzamento)			
Medios necesarios			
Nº Máximo de alumnos			
Breve descrición (máx. 200 palabras)			

